

# **BORRADOR DE LEI DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN**

## **EXPOSICION DE MOTIVOS**

Os montes veciñais en man común ocupan unha superficie de unhas 700 mil hectáreas, é dicir, unha cuarta parte do territorio galego. Conforman unha titularidade singular de Galiza, dado que pertencen a veciñanza comuneira entendida, non como ente administrativo, senón como grupo social. Conforman unha titularidade de carácter xermánico e están xestionadas democraticamente polo veciñanza comuneira.

A posta en valor dos montes veciñais en man común, de xeito multifuncional e sustentábel, sería unha peza importante para acadar un medio rural vivo e xa que logo, unha ferramenta eficaz na loita contra os lumes forestais.

Maila que os montes veciñais en man común son unha titularidade da veciñanza comuneira, ademais da función produtiva, teñen que cumprir funcións sociais e medioambientais, das que sexa beneficiada a sociedade galega no seu conxuntos.

Os obxectivos que contempla esta lei son:

- Recoñecemento e reforzamento do carácter xermánico da titularidade veciñal.
- Mellora no funcionamento democrático das comunidades de montes.
- Posibilitar, que sen perder as súas características, os montes veciñais poidan desenvolverse no marco xurídico actual.
- Acadar un monte veciñal multifuncional e sustentábel ao servizo da veciñanza comuneira e do conxunto da sociedade galega.
- Que o monte veciñal sexa unha peza para lugar un medio rural galego vivo.

## **TITULO PRELIMINAR DISPOSICIÓN XERAIS**

### **Artigo 1- Definición**

Son montes veciñais en man común as terras ubicadas en Galiza que, independentemente da súa orixe, posibilidades produtivas, aproveitamento actual e vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais, e non como entidades administrativas, e que se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros das mesmas, na súa condición de veciños- veciñas, conformando unha titularidade de carácter xermánico.

### **Artigo 2- Natureza e titularidade dos montes veciñais en man común.**

1- Os montes veciñais son titularidade comunitarias, nin públicas, nin privadas. A súa natureza especial deriva da súa titularidade colectiva sen asignación de cotas e suxeitas as limitacións de inembargabilidade, características protectoras deste tipo de titularidade comunitaria.

2- Os montes veciñais en man común non están suxeitos a ningunha contribución de base territorial nin da cota empresarial da seguridade social agraria.

3- A titularidade dominical e o aproveitamento, sen asignación de cotas, correspóndelle a comunidade de montes.

4- A comunidade de montes entenderase composta polos veciños e veciñas que a integren nun momento dado.

4- A efecto de cuestións de dominio público, a titularidade veciñal será equiparábel a titularidade pública.

5- A Xunta de Galiza comprométese nun tempo máximo de un ano a elaborar unha proposición non de lei para instar as Cortes Xerais do Estado para que se recoñeza a titularidade comunitaria como unha mais e distinta da titularidade pública e privada.

### **Artigo 3- Condición de veciño/a comuneiro/a**

1- Terán a condición de veciños/as comuneiro/as todas as persoas que conforman as unidades familiares e as economías independentes, con vivenda aberta e residencia habitual independente, dentro da área xeográfica sobre a que se asente o grupo social ao que tradicionalmente estivese adscrito o aproveitamento do monte. No libro de censo da veciñanza comuneira estarán representados por unha persoa. Unha persoa non pode ter a condición de veciño/a comuneiro/a en dúas comunidades de monte a vez

2- Tamén terán a condición de veciños/as comuneiros/as, persoas físicas titulares de unidades de produción e de consumo, que desenvolvan a súa

actividade dentro da área xeográfica sobre a que se asente o grupo social ao que tradicionalmente estivese adscrito o aproveitamento do monte.

3- Os estatutos da comunidade de montes poderá establecer un prazo mínimo de residencia para adquirir a condición de veciño/a comuneiro/a. Este prazo non pode ser superior a 9 meses.

4- Non se poderá eximir a cumprimento do requisito de residencia habitual salvo causas xustificadas e contempladas nos estatutos da comunidade de montes. A exención deste requisito non poderá superar os tres meses cada ano natural.

5- A condición de veciño/a comuneiro/a perderase desde o momento en que deixen de cumprirse os requisitos esixidos par a integración na comunidade de montes que e a de ser veciño- veciña. O exercicio dos dereito de veciño/s comuneiro/a pode ser suspendido por ter realizado actuacións de especial gravidade contra o monte veciñal. En todo caso, a perda destes dereitos deberá ser acordada pola asemblea xeral da comunidade de montes, tras a súa inclusión no orde do día, con expresión individualizada das persoas afectadas e sempre con audiencia destas.

## **TITULO UN REXIME XURÍDICO**

### **Artigo 4- Capacidade xurídica da comunidade de montes**

1- As comunidades de montes veciñais en man común terán plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins e a defensa dos seus dereitos sobre os montes veciñais e os seus aproveitamentos; así como a súa administración, disposicións e actos derivados establecidos nesta lei.

2- Así mesmo, as comunidades de montes terán plena capacidade xurídica para a realización de todos aqueles actos e negocios xurídicos que teñan por obxecto dotarse das instalacións necesarias, obras, servizos comunitarios ou terras, na mesma zona do monte co obxecto de incrementar a superficie do monte veciñal e, en xeral, para todos aqueles actos xurídicos que redunden en beneficio da xestión do monte veciñal, de acordo co que decida en cada momento a súa asemblea xeral e sempre conforme coas disposicións desta lei e a súa normativa de desenvolvemento.

3- A adquisición de terras por compra deberá ser motivada pola comunidade de montes no cumprimento dos seus fins. no interese xeral dos comuneiros/as, na defensa do monte veciñal e dos seus accesos, no mellor aproveitamento dos recursos ou na mellora ou ampliación da superficie do monte veciñal.

As terras adquirida por este procedemento serán cualificadas polos xurados de montes veciñais en man común, como tales, e non poderán ser obxecto de actos de disposición por un período mínimo de 20 anos.

5- A conselleira competente en materia de montes elaborará, no prazo máximo de un ano, unha normativa fiscal para os montes veciñais en man común, sacándoos como suxeitos pasivos no Imposto sobre Sociedade e, que terá en conta a figura e as funcións de estas terras.

### **Artigo 5- Cesión**

1- Os montes veciñais en man común poderán ser obxecto de cesión temporal, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuito, para obras, instalacións, aproveitamentos dos recursos, equipamentos os servizos que proporcionen un beneficio directo as comunidades de montes

2- A cesión poderase establecer por un período máximo de 30 anos e excepcionalmente por tempo indefinido se é en beneficio de calquera administración pública cando sexan destinadas a equipamento ou dotacións a favor da propia comunidade de montes, que sexan servizos públicos e gratuítos ou namentres se manteña o fin para a que foi feita a cesión.

3- Rematado o tempo de cesión, as melloras e instalacións que non foran de interese para a xestión do monte teñen que ser desmanteladas polo beneficiario da cesión deixando o terreo nas condicións idóneas para recupera a actividade anterior.

4- No caso de cesión a particulares, cada terzo do tempo de duración da cesión realizarase unha revisión da cesión onde se poderá revisar o prezo do aluguer se o houbese. Os parámetros de esta revisión serán a variación porcentual acumulada do IPC e os indicadores propios da explotación.

5- En ningún caso a cesión levará a perda da titularidade do monte veciñal e no remate do tempo da cesión as instalacións feitas reverterán as comunidades de montes ou o monte terá que quedar nas condicións que tiña antes de levarse a cabo a cesión.

6- Para que sexan válidos os acordos de cesión, terán que contar co voto favorábel dos 2/3 en primeira convocatoria

7- A constitución da cesión, que ten que conformarse en escritura pública e inscribirse no Rexistro da Propiedade e rexerese polo título constitutivo do dereito, pola presente lei e subsidiariamente polas normas do dereito privado.

### **Artigo 6- Servidumes**

1- Poderase establecer servidumes sobre parcelas de monte veciñal logo da tramitación do oportuno expediente no que se acredite a compatibilidade co fin do monte así como a utilidade pública ou o interese social das servidumes.

2- Regulamentariamente determinarase o procedemento a seguir para a autorización do establecemento de servidumes, debendo elaborarse unha memoria na que quede determinada a extensión puramente indispensábel, a imposibilidade da súa localización fora do monte e os danos e as perdas que se poidan producir e que valorados, xustificarian o prezo da servidume. En todo

caso, darase audiencia no expediente as eventuais persoas beneficiarias da servidume e a comunidade de montes.

3- O consentimento da comunidade de montes é necesario para autorizar as servidumes. Cando esta se opoña, darase por concluído o procedemento sen mais trámite.

### **Artigo 7- Dereitos de superficie e arrendamentos**

1- As comunidades de montes poderán establecer convenios de cesión de dereitos de superficie ou arrendamentos con destino a instalacións ou edificacións derivadas de concesións e/ou autorizacións para producións agrícolas, gandeiras ou producións non forestais do monte por un prazo máximo de 15 anos. No caso dos aproveitamentos forestais a duración será o quenda de corta da especie plantada.

2- Rematado o prazo do dereito de superficie ou arrendamento, o beneficiario terá que dismantelar as obras ou instalacións que non fora de interese para a comunidade de montes e entregar a superficie do monte nas mesmas condicións nas que estaba antes de levar adiante o acordo.

3- Se o arrendador fose calquera administración pública o tempo de duración do acordo podería ser indefinido sempre e cando fose destinada a equipamentos ou dotacións a favor da propia comunidade de montes, gratuítas e publicas e que continúase o fin polo que foi concedido o dereito de superficie.

4- En ningún caso o dereito de superficie ou arrendamento levará a perder a titularidade do monte veciñal. A constitución de esta cesión, que ten que formalizarse en escritura publica e rexerese polo titulo constitutivo do dereito, pola presente lei e subsidiariamente polas normas do Dereito Privado.

5- Para que sexan válidos os acordos de dereitos de superficie e de arrendamentos, terá que contar co voto favorábel dos 2/3 en primeira convocatoria.

### **Artigo 8- Expropiación**

1- A expropiación de un monte veciñal será unha medida excepcional, a aplicar só por causas de utilidade pública e interese social sobre dotación de servizos públicos xestionados directamente polas administracións e cando non sexa posíbel o acordo entre partes. Nos casos de concesión administrativa de carácter temporal, a Administración promoverá a expropiación do dereito de uso polo tempo da duración da concesión. As declaracións de utilidade pública ou de interese social prevalente deben facer constar que as circunstancias que a provocan son temporais e que, cando rematen, para garantir a inalienabilidade do monte veciñal, as parcelas expropiadas deberán ser devoltas con dereitos plenos a veciñanza comuneira.

2- Só cando non se acade un acordo amigábel entre as partes e non sexa posíbel a expropiación temporal do dereito de superficie, poderase recorrer a expropiación forzosa, tras a correspondente declaración de utilidade pública ou de interese social prevalente

3- A resolución da utilidade pública correspóndelle a Consello da Xunta de Galiza, logo do informe da conselleira competente en materia de montes e audiencia das comunidades de montes afectadas. Esta resolución deberá recoñecer o carácter veciñal da finca a expropiar e a súa devolución a veciñanza comuneira cando remate o prazo concesional ou no caso das expropiacións de carácter indefinido, cando cese o fin para a que foi expropiada

5- Se como consecuencia da expropiación quedara o monte veciñal fora da titularidade da comunidade de montes, esta substituirá para o exercicio do dereitos que lle correspondan como titular eventual do dereito de reversión.

### **Artigo 9- Permutas**

1- As comunidades de montes poderán levar a cabo permutas do monte veciñal con terreos que non o son; sempre e cando sexan enclavados ou extremeiros e teñen que estar motivados para unha mellor xestión do monte veciñal.

2- Para levar adiante a permuta, terá que contar coa autorización previa de conselleira competente en materia de montes e os terreos a permutar teñen que ter un valor similar.

3- A comunidade de montes dará traslado da permuta ao Xurado de montes veciñais de Galicia e o Rexistro de montes veciñais en man común, procedéndose a unha nova inscrición do monte veciñal afectado pola permuta.

## **TITULO DOUS**

### **APROVEITAMENTOS**

#### **Artigo 10- Aproveitamentos e uso do monte.**

1- O aproveitamento e uso dos montes veciñais en man común correspóndelle a comunidade de montes e realizarase consonte os instrumento de xestión, os acordos assemblearios e a normativa que os afecte.

2- O pasto, as leñas e o esquilme, son aproveitamentos directos da veciñanza comuneira. Serán tamén aproveitamentos directos da veciñanza comuneira aqueles aproveitamentos non madeireiros que así sexan acordado pola asemblea xeral da comunidade de montes.

3- As comunidades de montes poderán acordar, conforme cos seus estatutos e dentro dos límites legais, a cesión dos dereitos de aproveitamentos de parte do monte a terceiras persoas mediante calquera negocio xurídico válido en Dereito. Cando se refiran a aproveitamento de pastos, deberán se obxecto de inscrición no Rexistro Público de Terreos para o Pastoreo.

4- Cando os aproveitamentos dos montes veciñais en man común sexan obxecto de gravame, a súa execución só se poderá dirixir contra os aproveitamentos ou as rendas que se puidesen derivar da súa cesión.

5- Todos os aproveitamento e usos actuais e os que se poidan dar no futuro que teñen como base territorial o monte veciñal, serán considerados a todos os efectos, aproveitamentos do monte.

6- Os actos e negocios xurídicos de ocupación e usurpación do monte veciñal en man común, así como as posteriores transmisións, serán declarados nulos de pleno dereito.

### **Artigo 11- Lotes, sortes ou parcelas para o aproveitamento gandeiro e agrícola.**

1- As comunidades de montes poderán acordar que parte do monte aprovéitese de xeito particular (individual ou asociado), para usos gandeiros e agrícolas, por medio de lotes, sortes ou parcelas cedidas temporalmente de forma gratuíta, por un período máximo de 12 anos.

2- Se fose necesario, neste reparto terán prioridade aqueles veciños e veciñas comuneiros/as nos que este aproveitamento sexa o seu medio de vida, e os que opten traballar conxuntamente baixo a formula de explotación comunitaria da terra. No caso de pastos, as lotes, sortes e parcelas serán continuas.

3- Producirase a reversión inmediata do lote, sorte ou parcela e a volta a situación de aproveitamento colectivo, cando o veciño –veciña beneficiaria a un uso diferente ao que foi acordado. Esta reversión non suporá o aboamento de cantidade ningunha, nin suporá carga para a comunidade de montes, nin dereito de indemnización para o concesionario.

4- Rematado o período de cesión, a comunidade de montes poderá proceder a facer un novo repato. Nesta caso, os beneficiarios anteriores non poderán aproveitar a mesma parcela

### **Artigo 12- Cotas de reinvestimento en montes veciñais en man común**

1- Nos montes veciñais en man común, as cotas mínimas de reinvestimento en mellora, protección e posta en valor do monte de xeito multifuncional e sustentábel, serán as seguintes:

a- As indicadas nos instrumentos de xestión do monte.

b- O 40% naqueles montes veciñais que carezan de instrumento de xestión.

c- O 15% nos montes veciñais de zonas desfavorecidas ou de pouco poboación. Nestes casos, cada dous anos a consellaría competente en materia de montes e a comunidade de montes avaliarán a posíbel necesidade de aumentar o investimento de mellora do monte veciñal e a conselleira competente en materia de montes poderá fixar outra porcentaxe de investimento que terá que ser excepcional e temporal.

d- O 100% dos ingresos xerados a partir dos produtos resultantes de incendios, pragas ou temporais. Investimento que terá un prazo de 10 anos para a súa execución.

2- Para o calculo dos ingresos obtidos contabilizarase os que proveñan dos aproveitamentos do monte, os derivados de actos de disposicións, os procedentes de expropiacións e calquera outro ingreso de natureza extraordinaria. Nos dous últimos casos, o período de investimento será de ate 20 anos.

As subvencións, por ter carácter finalista, quedan fora do computo.

3- Estes reinvestimentos realizaranse por períodos de 4 anos. Antes de finalizar o período de 4 anos, no caso que non fose posíbel a aplicación total do reinvestimento antes indicado, a comunidade de montes presentará, logo do acordo asembleario, diante da consellería competente en materia de montes un plan plurianual de investimento

4- Estas cotas mínimas de reinvestimento abdicaranse a: redacción do instrumento de xestión do monte, traballos indicados no plano de xestión do monte, acordos asemblearios de posta en valor do monte, loita contra os lumes forestais, defensa administrativa e xurídica da integridade do monte veciñal, adquisición de terras, a posta en valor dos montes veciñais nos seus aspectos social, patrimonial, cultural e medio ambiental, obras e servizos de carácter comunitario.

5- Os ingresos sobrantes. logo da aplicación do punto anterior, poderán repartirse entre a veciñanza comuneira baixo os criterios de: actividade ligada a terra, incremento da renda agraria, asentamento da poboación.

No caso das expropiacións ou dos ingresos de natureza extraordinaria o reparto entre a veciñanza comuneira só se poderá facer logo de cumprir o dito no punto anterior e no último ano de facer o investimento aprobado pola comunidade de montes.

6- No primeiro semestre do cuarto ano, a comunidade de montes presentará diante da consellería competente en materia de montes, os documentos acreditativos do reinvestimento.

## **TITULO TRES**

### **DO USO SOCIAL DO MONTE VECIÑAL.**

#### **Artigo 13- Uso social do monte.**

1- O uso social dos montes veciñais en man común debe levarse adiante respectando a titularidade de estas terras e en beneficio da sociedade no seu conxunto.

2- A Consellería do medio rural elaborará unha normativa a tal efecto ao que poderán acollerse, se así o queren, as comunidades de montes

3- A Consellería do medio rural será a responsable de que este uso social dos montes veciñais, non atente contra a titularidade veciñal nin contra o monte.



#### **Artigo 14- Autorizacións.**

1- Todos os usos sociais nos montes veciñais, terán que contar coa autorización expresa da comunidade de montes. O incumprimento de este feito significara que as responsabilidades que puideran carrexar, recaeran no usuario

2- Os usuarios da función social dos montes veciñais que o practiquen de forma arbitraria e sen planificación terán que contar con unha licenza administrativa que implique un seguro de responsabilidade civil que cubra os percances que poidan acontecer

#### **Artigo 15- Responsabilidades.**

1- Dos percances que poidan acontecer uso social nos montes veciñais, será responsabilidade do usuario. Polo tanto, xunto coa solicitude deberá acompañar un seguro de responsabilidade civil.

2- Dos verquidos, lixo, entullos, enseres.....que poidan aparecer nos montes veciñais en man común non se pode responsabilizar as comunidades de montes. A súa obriga será por estes feitos en coñecemento da Consellería do medio rural.

### **TITULO CATRO DA CLASIFICACION E DOS SEUS EFECTOS**

#### **Artigo 16- Clasificación.**

A clasificación como monte veciñal en man común realizarase exclusivamente polo Xurado de Montes Veciñais de Galiza na forma prevista nesta lei e na normativa de desenvolvemento.

#### **Artigo 17- Xurado de montes veciñais de Galiza**

1- O Xurado de montes veciñais de Galiza é un órgano colexiado permanente de Galiza, especializado en materia de montes veciñais en man común e no procedemento para a súa cualificación e declaración.

2- O Xurado de montes veciñais de Galiza, estará adscrito a consellería competente en materia de montes e actuará, no cumprimento das súas funcións, con autonomía, imparcialidade e independencia,

#### **Artigo 18- Composición do Xurado,**

1- A composición do Xurado de montes veciñais de Galiza, deberá respectar as disposicións legais vixentes en materia de igualdade entre o home e a muller, e terá a seguinte composición:

a- Presidencia :Dirección xeral de montes

b- Vocais natos:

I- Un letrado/a da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galiza designado pola Dirección Xeral de Montes.

II- Un letrado/a nomeado polo Consello Xeral da Avogacía de Galiza

III- Unha persoa técnica con titulación relacionada cos montes de formación universitaria, deseñada polar organizacións colexiais galegas de titulación universitaria.

IV- Representantes das asociacións ou organizacións de comunidades de montes, de ameto galego.

c- Vocais temporais. Dous representantes da comunidade de montes interesada na clasificación

d- Secretaria: Unha persoa funcionaria da consellería competente en materia de montes e con licenciatura en dereito que terá voz, mais non voto.

2- Os/as vocais natos participarán con voz e con voto, nas deliberacións do Xurado. Os/a vocais temporais intervirán nas sesións das que forman parte, unicamente con voz.

3- O órgano competente en materia de montes preparará a documentación do proceso de clasificación iniciado e colaborará na asistencia que lle sexa requirida polo Xurado.

4- Regulamentariamente determinarase o réxime de suplencias e causas de abstención e recusación dos membros titulares do Xurado.

### **Artigo 19- Organización e funcionamento do Xurado**

1- O Xurado de montes veciñais en man común de Galiza axustará o seu funcionamento ao disposto na lei 30/1992, do 26 de Novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, para os órganos colexiados.

2- A organización, as funcións o réxime de incompatibilidades, asistencias, e nomeamentos dos membros do Xurado, determinarase regulamentariamente.

### **Artigo 20- Procedemento de clasificación.**

1- Os expedientes de clasificación de montes veciñais en man común iniciárense de oficio pola consellería competente en materia de montes, polas comunidades de montes interesadas ou por calquera veciño/a interesado, e tramítanse polos Xurados de montes veciñais de Galiza.

2- A iniciación do procedemento publicarase no DOG, na páxina web da consellería competente en materia de montes, por edictos no concello concernido e nos lugares onde estea ubicado o monte a clasificar. O acordo de incoación do expediente de clasificación, non pode exceder de 3 meses dende a presentación da solicitude.

3- A tramitación do procedemento non excederá de un ano dende a súa incoación. O procedemento rematará cunha resolución motivada na que se explicitarán os criterios tidos en conta para adoptala.

4- Unha vez iniciado o expediente de clasificación o monte non poderá ser obxecto de ningún acto de disposición.

5- Non será obstáculo á clasificación dun monte como veciñal en man común o feito de estar incluídos nalgún catálogo, inventario ou rexistro público con asignación de diferente titularidade, salvo que os asentos se practicasen en

virtude de sentenza en xuízo declarativo. No caso de que o ben clasificado estivese incluído no Inventario de Bens Municipais ou no Catálogo de montes de utilidade pública, nin os concellos, nin a Administración estarán obrigados a impugnar a resolución do Xurado.

6- O procedemento de clasificación de montes veciñais en man común será desenvolvido regulamentariamente.

### **Artigo 21- A resolución firme de clasificación**

1- A resolución firme de clasificación de un monte como veciñal en man común conterá a determinación da súa superficie, dos seus lindes e de ser o caso, o seu estado económico e xurídico, así como aqueles outros requisitos necesarios para a súa matriculación no Rexistro da Propiedade, consonante ao disposto na lexislación hipotecaria. A esta resolución achegarase planimetría axeitada, con datos descritivos precisos, que permita a debida identificación do monte e mais a súa incorporación ao Catastro.

2- O Xurado remitirá testemuño da resolución administrativa de clasificación, logo de que sexa firme en vía administrativa, ao Rexistro da Propiedade que corresponda, para os efectos da anotación preventiva deste clasificación. Este testemuño haberá de cumprir os requisitos que esixe a lexislación hipotecaria para a súa inscrición.

3- A resolución firme de clasificación producirá os seguintes efectos:

a- Atribúe a titularidade a comunidade de montes mentras non exista sentenza xudicial firme en contra.

b- Serve de título matriculador para inscribir o monte no Rexistro da Propiedade, para excluílo do catálogo de montes de utilidade pública e de inventarios de bens municipais e asemade, para resolver sobre as inscricións total ou parcialmente contraditorias que resulten afectadas.

c- A exención de impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e a gratuidade da primeira inscrición do monte e as cancelacións que se produzan por este motivo.

### **Artigo 22- Impugnación das resolucións da Xurado de montes de Galiza**

As resolucións da Xurado de montes veciñais de Galiza, esgotan a vía administrativa e poderán ser obxecto de recurso de reposición con carácter potestativo, perante o propio Xurado, ou ben impugnadas directamente na xurisdición contencioso- administrativa, de conformidade coa lei 29/1998, de 13 de Xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

### **Artigo 23- Procedemento dos deslindes dos montes veciñais en man común.**

Os deslindes dos montes veciñais en, man común poderán realizarse en dúas fases. Na primeira actuarase sobre as partes do perímetro lindante con outros montes veciñais e na segunda ocuparase das partes do perímetro lindantes con montes públicos ou propiedades particulares.

#### **Artigo 24- Deslinde con outros montes veciñais en man común**

1- Os perímetros con outros montes veciñais en man común, poderán ser obxecto de deslinde provisional polas comunidades de montes titulares.

2- Logo de ratificado o deslinde provisional previsto no apartado anterior polas asembleas de cada unha das comunidades de montes afectadas, darase traslado dos acordos alcanzados, e da documentación que regulamentariamente se indique, a administración de montes, que ditará resolucións aprobatoria do deslinde. Esta resolución publicarase no DOG e notificarase os interesados.

3- Unha vez publicada e notificada a resolución darase traslado da mesma ao Xurado de montes veciñais de Galiza que, se fose necesario, fará a oportuna toma de razón.

4- Os desacordos entre comunidades de montes no procedemento do deslinde provisional contemplado nos parágrafos anteriores dará lugar a unha arbitrase da administración de montes, a cal, en base a documentación aportada polas comunidades de montes e ao obrante no seu poder e no expediente de clasificación, ditará resolución. En caso de non ser aceptada por algunha das comunidades de montes, o conflito deberá resolverse por vía civil.

5- A consellería competente en materia de montes habilitará liñas de axudas específicas para a realización de deslindamentos provisionais entre comunidades de montes.

#### **Artigo 25- Deslindes con propiedades particulares ou montes públicos**

1- A Administración realizará deslindes de montes veciñais en man común con propiedades particulares ou con montes públicos, segundo o procedemento establecido para estes últimos.

2- No deslindamento con propiedades particulares analizaranse as situacións posesorias acreditadas e os títulos presentados, e teranse en conta todos os inscritos no rexistro da propiedade.

3- Unha vez realizado o deslinde, a administración de montes ditará resolución aprobatoria do deslinde, que será publicada no DOG e debidamente notificada aos interesados.

4- Unha vez publicada e notificada a resolución darase traslado da mesma ao Xurado de montes veciñais de Galiza.

#### **Artigo 26- Colocación de marcos e inscrición de fincas particulares lindantes con monte veciñal.**

Firme en vía administrativa o acordo aprobatorio de deslindamento, e a reserva que puidera resultar dun xuízo declarativo de propiedade, a Administración de montes procederá a colocación de marcos no monte. Os lugares de ubicación dos marcos serán sinalizados con formato GPS no levantamento topográfico con tratamento informático.

O procedemento de inscrición no rexistro da propiedade dunha propiedade particular co lindante co monte veciñal levará aparellada o obriga da propiedade particular de presentar un certificado de non invasión do monte veciñal emitido pola comunidade de montes.

## **TITULO CINCO DA ORGANIZACIÓN DAS COMUNIDADES**

### **Artigo 27- Asemblea xeral de comuneiros- comuneiras**

1- A Asemblea xeral, da que forman parte todos os veciños e veciñas comuneiros/as, é o órgano máximo da vontade da comunidade de montes. Correspóndelle a ela tomar as decisións ao respecto do monte veciñal.

2- Teñen dereito a asistir as asembleas xerais todos os veciños e veciñas comuneiros con voz. O voto será exercido polo comuneiro/a que figure no libro de Rexistro da comunidade de monte como representante da unidade familiar, económica, de produción ou de consumo.

3- Para asistencia a Asemblea Xeral un veciño/a comuneiro/a poderá delegar a súa representación noutro veciño/a comuneiro/a. As delegacións teñen que ser expresadas para cada asemblea xeral e cada veciño/a comuneiro/a non pode ter mais de unha delegación.

Non se entendera como delegación cando o veciño/a comuneiro/a é substituído por calquera membro da unidade familiar, económica, de produción ou de consumo.

En ámbolos- dous casos, estas novidades teñen que ser comunicadas a mesa da Asemblea xeral antes de que esta comece.

4- A Asemblea xeral de carácter ordinario será convocada unha vez o ano e sempre dentro dos seis meses seguintes a data do peche de o exercicio económico, que coincidirá co ano natural. Nesta asemblea xeral de carácter ordinario figuraran como puntos do día obrigatorios :altas e baixas no censo da comunidade, aprobación das contas anuais e aprobación do orzamento.

5- Con carácter extraordinario, poderá convocarse Asemblea xeral a iniciativa da maioría da xunta reitora ou a petición dun mínimo do 20% da veciñanza comuneira.

Se logo da solicitude do 20% da veciñanza comuneira, o presidente/a no convocase a asemblea xeral no prazo máximo de 2 meses, os solicitantes poderán autoconvocar a asemblea xeral. Se esta asemblea cumpre os principios de validez, os acordos tomados, xurdirán efecto inmediato.

6- As convocatorias das asembleas xerais faranse con un mínimo de 10 días de antelación mediante notificación escrita aos veciños e veciñas comuneiros/as e nos lugares de costume do territorio onde radique a comunidade de montes.

Na convocatoria espellicarase o orde do día dos asuntos a tratar e indicarse o lugar onde a veciñanza comuneira poida examinar a documentación dos asuntos a tratar que figuren na orde do día.

7- A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando estean presentes ou representados a metade da veciñanza comuneira. E en segunda convocatoria cando estean presentes ou representados o 25% da veciñanza comuneira. Entre a primeira e a segunda convocatoria haberá de transcorrer media hora.

### **Artigo 28- A xunta reitora**

1- A xunta reitora é o órgano de goberno e administración da comunidade de montes. Ten como competencia fundamental o levar adiante o acordado nas asembleas xerais.

2- A composición, mínima, da xunta reitora será: O presidente/a que ostentará representación da comunidade de montes e como mínimo dous/dúas vocais actuado de secretario/a e tesoureiro/a respectivamente. Procurarase que a súa composición sexa equilibrada no que atinxe ao xénero

3- Cando o número de veciños/as comuneiros/as, non permita a constitución da xunta reitora, consonante co punto anterior, asumirá as súas funcións a Asemblea Xeral da comunidade de montes.

4- A xunta reitora será elixida pola Asemblea Xeral por maioría simple e por un período máximo de 4 anos, entre as candidaturas previamente presentadas.

### **Artigo 29- Mancomunidades de montes**

1- As comunidades de montes, logo do acordo da asemblea xeral, poderán mancomunarse para desenvolver en común todo ou parte da xestión dos seus montes veciñais, posibilitando a mellor defensa dos seus intereses e consecución dos seus obxectivos.

2- O acordo polo que se constituía a mancomunidade de montes será comunicado ao Rexistro de montes veciñais por que ostente a representación da mancomunidade.

3- Regulamentariamente establecerase o procedemento da constitución, funcionamento e demais cuestións relacionadas coas mancomunidades de montes veciñais.

### **Artigo 30- Estatutos da comunidade veciñal**

1- A Asemblea xeral da veciñanza comuneira aprobará e reformará os Estatutos, que haberán de recoller os usos e costumes polos que se viña rexendo a comunidade e calquera cláusula que se adapte as previsións de esta lei. Como mínimo contarán os seguintes aspectos:

a- As condicións para o recoñecemento da condición de veciño/a comuneiro/a dentro do marco legal.

b- A representación e a delegación da veciñanza comuneira nas Asembleas xerais.

c- Os dereitos e as obrigas da veciñanza comuneira.

d- Os órganos que se atribúe o goberno e a administración, modo de nomealos, substituílos e funcións que lle corresponden.

e- A porcentaxe de reserva en rendementos económicos para investimentos na mellora e protección do monte, respectando o mínimo legal que marca esta lei.

d- A renuncia, se procede, a repartir beneficios económicos monetarios entre a veciñanza comuneira e o seu investimento en obra de carácter social e comunitario. Neste caso, a comunidade de montes será declarada entidade de carácter social.

f- Criterios aos que se han de suxeitar os diversos aproveitamentos do monte.

g- As causas para a perda do exercicio dos dereitos de comueiro/a, o seu procedemento e a súa recuperación.

2- Os Estatutos e as súas modificación empezarán a xurdir efecto a o dia seguinte da súa aprobación, remitíndose unha copia, para efectos do seu coñecemento, ao Rexistro de montes veciñais en man común.

### **Artigo 31- Réxime de maiorías.**

1- Para a aprobación da xestión, do balance económico, dos orzamentos anuais, aproveitamentos e actos de administración xeral, será suficiente a, maioría simple dos comueiros/as presentes e representados na asemblea xeral. O mesmo para a aprobación ou reforma dos Estatutos da comunidade de montes

2- Para actos de disposición sobre o monte veciñal ou cesión dos dereitos de aproveitamentos, arrendamentos ou calquera outro que exclúa o uso dos propios veciños/as comueiros e permutas, a Asemblea xeral requirirá a convocatoria expresa e o voto favorábel dos 2/3 da veciñanza comuneira presente ou representada.

### **Artigo 32- A xunta provisional**

1- No en tanto non existan órganos de goberno, a xunta provisional exercerá as facultades que a estes corresponden. Será elixida nunha asemblea da veciñanza comuneira.

2- A xunta provisional, constituirase de xeito obrigatorio no prazo máximo de 3 meses dende a resolución do monte como de veciñal en man común

3- A xunta provisional comporase, como mínimo, dunha presidencia e dúas vogalías que se encargarán da secretaria e da tesoureira, elixidas de entre a veciñanza comuneira. Darase notificación da mesma ao Rexistro de montes veciñais de Galiza.

4- A xunta provisional terá a representación da comunidade de montes e terá como cometido a elaboración do censo da veciñanza comuneira, a redacción dos Estatutos da comunidade de montes e a convocatoria para a elección da xunta reitora.

5- A xunta provisional terá un prazo de un ano para realizar os cometidos recollidos no punto anterior.

6- A xunta provisional encargárase da xestión e administración do monte veciñal podendo autorizar, por razóns de urxencia ou de interese xeral, actos de administración de contía económica non superior a seis mil euros

7- O mandato da xunta provisional finalizará cando estean aprobados o censo da veciñanza comuneira, os estatutos da comunidade de montes e elixida a xunta reitora.

7- Transcorrido un ano desde a constitución da xunta provisional sen que a comunidade de montes teña aprobado a dito no punto anterior, procederase a elección de unha nova xunta provisional.

## **TITULO SEIS PROTECION E XESTIÓN CAUTELAR**

### **Artigo 33- Funcións da Administración**

1- A consellería competente en materia de montes, dará aos montes veciñais en man común carácter preferente nas súas actuacións de fomento e mellora do monte, na concesión de axudas económicas para as mesmas finalidades, suxeitas a plans de viabilidade económica e ao cumprimento dos instrumentos de xestión.

2- A consellería competente en materia de montes, ademais das funcións específicas sinalada nesta lei, desenvolverá as seguintes funcións:

- a- Procederá ao deslinde e marcaxe dos montes veciñais.
- b- Procurará a conservación e defensa da integridade do monte veciñal, dos valores multifuncionais do mesmo e do uso veciñal deste tipo de titularidade.
- c- Impulsará e promocionará os aproveitamentos do monte.
- d- Asesoramento as comunidades de montes.
- e- Labores de vixilancia, control, información e divulgación.
- f- Cumprir o disposto nesta lei e a normativa que a desenvolva.
- g- Prevención e loita contra os lumes forestais.
- h- Xestión cautelar nos casos de extinción da comunidade veciñal ou monte veciñal en estado de grave abandono.

### **Artigo 34- Situacións transitorias por extinción ou desaparición da comunidade de montes.**

1- A xestión dos montes veciñais en man común que carezan de poboación ou que por diversos motivos a veciñanza comuneira non ten capacidade para xestionalos, levarase adiante unha xestión cautelar dos mesmos.

2- Esta xestión cautelar, nos tres primeiros anos, será levada adiante pola consellería competente en materia de montes, conxuntamente coas comunidades de montes veciñas ou pola mancomunidade de montes que teña o



ameto territorial onde se atope o monte veciñal que será cautelado. No seu defecto poderíase contar coas mancomunidades de montes próximas.

3- Os principios de esta xestión cautelar serían:

a- As decisións a tomar nestes montes xestionados cautelarmente serían tomadas de forma consensuada entre a consellería competente en materia de montes e a comunidade de montes ou, no seu caso, a mancomunidade de montes cauteladora. De existir veciñanza, tamén se tería en conta a opinión da mesma.

b- A consellería competente en materia de montes porá a disposición de esta xestión cautelar persoal técnico e administrativo suficiente para cubrir as necesidades administrativas e legais.

c- Os traballos a facer neste monte veciñal de xestión cautelada serían: Dotado de un instrumento de xestión, se non o tivese, cumprimento da lei de prevención e de defensa contra os lumes forestais, posta en valor do monte de xeito multifuncional e sustentábel.

d)- Se logo de levar adiante os traballos arriba indicados, houbera remanente de ingresos, a veciñanza, se a houbera, podería destinalos a obras de carácter social e comunitario.

e)- Neste período de xestión cautelar, estes montes veciñais serán prioritarios na concesión de axudas e estas serían subvencionadas no 100% .

4- Esta xestión cautelar remataría no mesmo momento en que se constituísese unha nova comunidade de montes e estaría libre de cargas.

5- Regulamentariamente desenvolveríase o porcentaxe nas subvencións a que tivesen acceso, os libros de contabilidade a levar e a relación dos investimentos.

6- Rematados estes tres primeiros anos, se continuasen as causas que provocaron a xestión cautelar, procederíase a unha nova xestión cautelar por períodos de tres anos, a cargo de comunidades de montes veciñas ou das mancomunidades.

7- Os principios de esta nova xestión cautelar serían:

a- As decisións a tomar sobre a posta en valor do monte veciñal cautelado correría a cargo da comunidade de montes ou da mancomunidade cauteladora. De existir veciñanza, teríase en conta a súa opinión.

b- Os traballos a executar no monte veciñal serían: levar adiante o indicado no plano de xestión do monte, defensa e prevención de lumes forestais, posta en valor do monte de xeito multifuncional e sustentábel.

8- Esta xestión cautelar remataría no momento en que se constituísese unha comunidade de montes. Neste caso, a nova comunidade de montes, tería que facerse cargo, dos gastos derivados da xestión.

9- Regulamentariamente desenvolveríase, ademais do dito para a xestión cautelar anterior, a forma de pago dos gastos xerados pola xestión cautelar.

### **Artigo 35- Estado de grave abandono ou degradación**

1- Entenderase un monte veciñal en estado de grave abandono ou degradación aquel que sofre un manifesto deterioro medioambiental ou padece unha abusiva extracción dos seus recursos

2- A consellería competente en materia de montes ten capacidade para declarar un monte veciñal en estado de grave abandono ou de degradación cando concorran algunha das causas descritas no apartado anterior. Previamente a esa declaración ditará unha resolución, escoitada a comunidade de montes, explicando as razóns para tal declaración e presentando un plano de actuacións enfocadas a corrixir as causas que provocaron tal declaración.

3- As medidas correctoras serían xestionadas conxuntamente entre a consellería competente en materia de montes e a comunidade de montes.

4- No mesmo momento en que seu subsanen as causas que provocaron a declaración, a comunidade de montes recuperará a xestión do mesmo.

5- Só se poderá declarar un monte veciñal en estado de grave abandono ou de degradación e a comunidade de montes se nega a esa xestión conxunta para corrixir as causas que poden provocar a declaración. Neste casos, e unha vez firme a declaración, o monte veciñal pasa a ser xestionado pola consellería competente en materia de montes e poderá contar coa colaboración das comunidades de montes ou mancomunidades veciñas.

### **Artigo 36- Defensa dos intereses do monte veciñal**

Calquera veciño/a comuneiro/a poderá defender os intereses da comunidade de montes, debendo serlle reintegrados os gastos que lle ocasione tal defensa. Sempre que prospere a súa pretensión principal. Tamén pódenselle reintegrar os gastos sen ter éxito a súa pretensión, se así o acorda a asemblea xeral da comunidade de montes.

### **Artigo 37- Incidencia da normativa urbanística.**

Os instrumentos de planeamento urbanístico, cando modifiquen a clasificación urbanística que contén coa consideración de monte, requiriran o informe previo da consellería competente en materia de montes. O devandito informe será vinculante de tratarse de montes catalogados, de especial protección ou montes veciñais en man común.

### **Disposición adicional primeira.**

1- Os consorcios e os convenios existentes entre a consellería do medio rural e as comunidades de montes, no prazo máximo de 3 anos, serán rescindidos sen carga algunha para as comunidades de montes e dotados de un instrumento de xestión.

2- A consellería do medio rural, poderá levar adiante novos convenios coas comunidades de montes naqueles montes que teñan un carácter eminentemente protector ou que entenda a consellería competente en materia de montes que poden servir como modelos de xestión multifuncional e

sustentabel. A xestión de estes montes conveniados correrá a cargo conxuntamente coa comunidade de montes.

#### **Disposición adicional segunda.**

1- A consellería do medio rural, nun prazo de un ano, cuantificará o valor económico que xeran as comunidades de montes polas súas funcións sociais, medioambientais e de captura de CO<sub>2</sub> que levan adiante os montes veciñais en man común, e das que son beneficiarias a sociedade no seu conxunto

2- O valor económico de estas funcións reintegrarase nos montes veciñais en man común, mediante dúas modalidades:

a- Pago directo aos montes veciñais en man común de zonas de alta montaña ou con pouca poboación co fin de fixar poboación no medio rural.

b- Incremento do porcentaxe das axudas par investir no logro de un monte multifuncional e sustentábel.

#### **Disposición adicional terceira.**

1- A consellería competente en materia de montes, no prazo máximo de tres anos, elaborará un plano estratéxico para por en valor os montes veciñais en nán común. Para a elaboración de este plano atenderase a uso multifuncional destas terras, a súa vocación, as necesidades do medio rural e as necesidades das comunidades de montes.

2- Este plano, escoitadas todas as entidades do sector, terá que se aprobado no Parlamento Galego. E contará coas previsións correspondentes de financiación.

#### **Disposición adicional cuarta**

A conselleira competente en materia de montes, no prazo máximo de dous anos, elaborará os criterios de un selo público de certificación dos produtos do monte.

#### **Disposición adicional quinta**

A consellería competente en materia de montes, no prazo de 2 anos, xestionará diante do Catastro, a consideración da superficie do monte veciñal como unha parcela catastral.

#### **Disposición transitoria primeira**

A consellería competente en materia de montes, no prazo máximo de un anos, creará unha Subdirección Xeral de montes veciñais, organismo dependente da Dirección xeral de montes.

#### **Disposición transitoria segunda.**

No prazo máximo de dous anos, as comunidades de montes terán que adaptar os seus Estatutos a esta nova lei.

#### **Disposición transitoria terceira.**

A consellería competente en materia de montes, no prazo máximo de un ano, aprobará os regulamentos necesarios para o desenvolvemento de esta lei.

**Disposición transitoria carta**

O Ministerio Fiscal defenderá as comunidades de montes cando os seus montes veciñais se vexan afectados na súa integridade.

**Disposición derogatoria primeira**

A entrada en vigor de esta lei de montes veciñais en man común, queda derogada a lei 13/1989, do 10 de Outubro, de montes veciñais en man común e todos os artigos das leis relacionadas directa ou indirectamente cos montes veciñais que sexan contrarios a mesma.

**Disposición derradeira primeira.**

Esta lei entrará en vigor un mes despois da súa publicación no DOG